

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**5337** *Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.*

Na actual conxuntura económica faise necesario mellorar a eficiencia das administracións públicas no uso dos recursos públicos, co obxecto de contribuír á consecución do inescusable obxectivo de estabilidade orzamentaria derivado do marco constitucional e da Unión Europea.

En materia de educación, o obxectivo común perseguido é proporcionar ás administracións educativas un conxunto de instrumentos que permitan conxugar os irrenunciabes obxectivos de calidade e eficiencia do sistema educativo co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e o seu ineludible reflexo na contención do gasto público e na oferta de emprego público.

As medidas propostas afectan todos os niveis educativos (universitarios e non universitarios) e combinan medidas de carácter excepcional, cuxa aplicación se xustifica pola actual conxuntura económica, con outras de carácter estrutural que introducen novidades que contribuirán decisivamente a mellorar de forma permanente a eficiencia do sistema educativo español.

Así, no ámbito das ensinanzas non universitarias, fíxase con carácter mínimo o horario lectivo que deberá impartir o profesorado nos centros docentes públicos en garantía do cumprimento dos obxectivos, competencias básicas e contidos das distintas ensinanzas, concretados nos currículos; posibilitábase un grao razoable de flexibilidade no número de alumnos por aula, en tanto subsistan na normativa básica en materia de oferta de emprego público as medidas limitativas de incorporación de persoal de novo ingreso; vincúlase o nomeamento de persoal interino e substituto a ausencias de duración superior aos dez días, por considerar que as ausencias curtas poden e deben ser cubertas cos recursos ordinarios do propio centro docente, e aprázase a aplicación de todas as disposicións recollidas no Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, con excepción da disposición adicional sétima, ao curso 2014-2015.

Ademais, elimínase a exigencia de ofertar polo menos dúas modalidades de bacharelato en cada centro docente, a fin de ampliar as marxes para as cales as comunidades autónomas poidan programar unha oferta educativa axustada ás súas necesidades.

Pola súa parte, no ámbito das universidades determínase a actividade docente que desenvolverá o persoal docente e investigador das universidades, que se gradúa en atención á intensidade e excelencia da súa actividade investigadora; prevese a racionalización do mapa universitario e da oferta de titulacións, de acordo cos requisitos mínimos que se fixen regulamentariamente, ao tempo que se facilita a cooperación interuniversitaria para a impartición conxunta de titulacións; adécuase o réxime económico e financeiro das universidades públicas ao principio de estabilidade orzamentaria; fíxanse limiares nos prezos públicos para aproximar gradualmente a súa contía aos custos de prestación do servizo, tomando, así mesmo, en consideración o esforzo académico; e sométese expresamente a incorporación de persoal de novo ingreso á normativa básica en materia de oferta de emprego público, dado que se inclúen no artigo 22.un.a) da Lei 39/2010, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 (ou artigo equivalente nas sucesivas leis de orzamentos), así como no artigo 23 da mesma lei.

Trátase, en definitiva, de introducir importantes elementos de racionalidade e eficiencia no sistema educativo, que redundarán nunha mellor prestación deste servizo público indispensable. E faise a través de medidas encamiñadas á consecución do

equilibrio orzamentario, o que garda relación coa súa natureza básica, e que lexitiman a intervención do Estado como titular da competencia exclusiva para sentar as bases e coordinar a planificación xeral da actividade económica (artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución), segundo consolidada doutrina do Tribunal Constitucional, competencia neste caso converxente cos títulos competenciais recollidos nas regras 1.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> do mesmo artigo 149.1 da Constitución, en canto constitúen bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos ou disposicións básicas que garanten a igualdade nas condicións básicas do exercicio dos dereitos e liberdades recoñecidos no artigo 27 da Constitución.

As medidas que se adoptan neste real decreto lei resultan imprescindibles para cumprir coa senda de consolidación fiscal fixada e co compromiso de redución de déficit da Unión Europea, polo que concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como premisa para recorrer a este instrumento xurídico. Por outra parte, respéctanse os límites constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo e, singularmente, salvagardouse o contido esencial do dereito á educación regulado no artigo 27 da Constitución; de feito, non se acomete a modificación de ningún precepto legal que se encontre expresamente cualificado como orgánico pola disposición derradeira sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou pola disposición derradeira cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2012,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto lei é adoptar medidas urxentes para a racionalización do gasto público no ámbito da educación, de conformidade cos principios de eficiencia e austeridade que deben presidir o funcionamento dos servizos públicos.

#### TÍTULO I

##### **Educación non universitaria**

##### Artigo 2. *Ratios de alumnos por aula.*

Cando, por razóns de limitación do gasto público, a Lei de orzamentos xerais do Estado non autorice a incorporación de persoal de novo ingreso mediante oferta de emprego público ou estabilidade, con carácter básico, unha taxa de reposición de efectivos inferior ao 50 por 100, as administracións educativas poderán ampliar até un 20 por 100 o número máximo de alumnos establecido no artigo 157.1.a) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para a educación primaria e secundaria obrigatoria.

Esta porcentaxe de ampliación resultará, así mesmo, aplicable aos límites máximos de número de alumnos fixados mediante norma regulamentaria para as restantes ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O disposto neste artigo resulta de aplicación tanto aos centros docentes públicos como aos privados sostidos con fondos públicos.

##### Artigo 3. *Xornada lectiva.*

1. A parte lectiva da xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros públicos e en centros privados sostidos con fondos públicos será, como mínimo, de 25 horas en educación infantil e primaria e de 20 horas nas restantes ensinanzas, sen prexuízo das situacións de redución de xornada recollidas na normativa vixente.

2. O réxime de compensación con horas complementarias será como máximo dunha hora complementaria por cada período lectivo, e unicamente poderá computarse a partir dos mínimos a que se refire o número anterior.

Artigo 4. *Substitución de profesores.*

Nos centros docentes públicos, o nomeamento de funcionarios interinos por substitución transitoria dos profesores titulares producirase unicamente cando transcorresen dez días lectivos desde a situación que dá orixe ao dito nomeamento. O período de dez días lectivos previo ao nomeamento do funcionario interino deberá ser atendido cos recursos do propio centro docente.

O disposto no parágrafo anterior resultará, así mesmo, de aplicación ás substitucións de profesorado nos centros docentes privados sostidos con fondos públicos.

Artigo 5. *Implantación de ensinanzas de formación profesional.*

Todas as disposicións recollidas no Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, con excepción da disposición adicional sétima, serán de aplicación no curso 2014-2015.

Os ciclos formativos de grao medio e grao superior cuxa implantación estiver prevista para o curso escolar 2012-2013 implantaranse no curso escolar 2014-2015.

As administracións educativas poderán anticipar a implantación das medidas que consideren necesarias nos cursos anteriores.

## TÍTULO II

### Ensinanza universitaria

Artigo 6. *Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.*

Modifícase a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos termos que se expoñen a seguir:

Un. Engádesse un novo parágrafo 2 ao artigo 7 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

«O Goberno, logo de informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello de Universidades, determinará con carácter xeral os requisitos básicos para a creación e, se for o caso, mantemento destes centros e estruturas.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 8 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A creación, modificación e supresión dos ditos centros, así como a implantación e supresión das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, de conformidade co disposto nos artigos 7 e 35, serán acordadas pola comunidade autónoma, ben por propia iniciativa, co acordo do Consello de Goberno da universidade, ben por iniciativa da universidade, mediante proposta do Consello de Goberno, en ambos os casos con informe previo favorable do Consello Social.»

Tres. Modifícase o artigo 30 bis da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que queda redactado nos seguintes termos:

«As universidades, para o mellor cumprimento das súas funcións ao servizo da sociedade, poderán cooperar entre elas, con organismos públicos de investigación, con empresas e con outros axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e

Innovación ou pertencentes a outros países, mediante a creación de alianzas estratéxicas que permitan desenvolver conxuntamente ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional ou programas e proxectos de excelencia internacional.»

Catro. Dáse unha nova redacción ao artigo 68 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 68. *Réxime de dedicación.*

1. O profesorado das universidades públicas exercerá as súas funcións preferentemente en réxime de dedicación a tempo completo, ou ben a tempo parcial. A dedicación será, en todo caso, compatible coa realización de traballos científicos, técnicos ou artísticos a que se refire o artigo 83.

A dedicación a tempo completo do profesorado universitario será requisito necesario para o desempeño de órganos unipersoais de goberno que en ningún caso poderán exercerse simultaneamente.

2. Con carácter xeral, o persoal docente e investigador funcionario das universidades en réxime de dedicación a tempo completo dedicará á actividade docente a parte da xornada necesaria para impartir en cada curso un total de 24 créditos ECTS.

Non obstante, a dedicación á actividade docente deste persoal poderá variar en función da actividade investigadora recoñecida de conformidade co Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, e que dese lugar á percepción do complemento de produtividade previsto no seu artigo 2.4, e atendendo ás seguintes regras:

a) Deberá dedicar á función docente a parte da xornada necesaria para impartir en cada curso un total de 16 créditos ECTS quen se encontre nalgunha das seguintes situacións:

- Profesores titulares de universidade, profesores titulares de escolas universitarias ou catedráticos de escola universitaria con tres ou máis avaliacións positivas consecutivas, téndose superado a máis recente nos últimos seis anos.
- Catedráticos de universidade con catro ou máis avaliacións positivas consecutivas, téndose superado a máis recente nos últimos seis anos.
- En todo caso, cando se superasen favorablemente cinco avaliacións.

b) Deberá dedicar á función docente a parte da xornada necesaria para impartir en cada curso un total de 32 créditos ECTS quen se encontre nalgunha das seguintes situacións:

- Que non sometese a avaliación o primeiro período de seis anos de actividade investigadora ou que obtivese unha avaliación negativa do dito período.
- Que transcorresen máis de seis anos desde a última avaliación positiva.

3. O Goberno, logo de informe das comunidades autónomas e do Consello de Universidades, regulará as bases do réxime xeral de dedicación do persoal docente e investigador funcionario.»

Cinco. Modifícase o artigo 81 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos termos que se recollen a continuación:

1. Modifícase o número 2 do artigo 81, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O orzamento será público, único e equilibrado, e comprenderá a totalidade dos seus ingresos e gastos. Para garantir un mellor cumprimento da Lei orgánica

de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, as universidades deberán cumprir coas obrigas seguintes:

- a) Aprobarán un límite máximo de gasto de carácter anual que non poderá superarse.
- b) Os orzamentos e as súas liquidacións farán unha referencia expresa ao cumprimento do equilibrio e sostibilidade financeiros.»

2. Modifícase o parágrafo primeiro da alínea b) do artigo 81.3, que queda redactado nos seguintes termos:

«b) Os ingresos polos prezos públicos por servizos académicos e demais dereitos que legalmente se establezan. No caso de estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, os prezos públicos e dereitos fixaraos a comunidade autónoma, dentro dos límites que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria, que estarán relacionados cos custos de prestación do servizo, nos seguintes termos:

1.º Ensinanzas de grao: os prezos públicos cubrirán entre o 15 por 100 e o 25 por 100 dos custos en primeira matrícula; entre o 30 por 100 e o 40 por 100 dos custos en segunda matrícula; entre o 65 por 100 e o 75 por 100 dos custos na terceira matrícula; e entre o 90 por 100 e o 100 por 100 dos custos a partir da cuarta matrícula.

2.º Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España: os prezos públicos cubrirán entre o 15 por 100 e o 25 por 100 dos custos en primeira matrícula; entre o 30 por 100 e o 40 por 100 dos custos en segunda matrícula; entre o 65 por 100 e o 75 por 100 dos custos na terceira matrícula; e entre o 90 por 100 e o 100 por 100 dos custos a partir da cuarta matrícula.

3.º Ensinanzas de máster non comprendidas no punto anterior: os prezos públicos cubrirán entre o 40 por 100 e o 50 por 100 dos custos en primeira matrícula; e entre o 65 por 100 e o 75 por 100 dos custos a partir da segunda matrícula.

Os prezos públicos poderán cubrir até o 100 por 100 dos custos das ensinanzas universitarias de grao e máster cando se trate de estudantes estranxeiros maiores de dezaioito anos que non teñan a condición de residentes, excluídos os nacionais de Estados membros da Unión Europea e aqueles a que sexa de aplicación o réxime comunitario, sen prexuízo do principio de reciprocidade.

O Goberno, por proposta do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e logo de informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello de Universidades, poderá adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste sistema, así como modificar excepcionalmente as marxes establecidas atendendo á singularidade de determinadas titulacións, o seu grao de experimentalidade e a porcentaxe do custo cuberto polos prezos públicos dos últimos cursos académicos.»

3. Modifícase o parágrafo segundo do número 4 do artigo 81, que queda redactado nos seguintes termos:

«Ao estado de gastos correntes xuntaráselle a relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da universidade especificando a totalidade dos seus custos e incluíndo un anexo en que figuren os postos de novo ingreso que se propoñen. Os custos do persoal docente e investigador, así como de administración e servizos, deberán ser autorizados pola comunidade autónoma, no marco da normativa básica sobre oferta de emprego público. Así mesmo, o nomeamento de

persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal polas universidades deberá respectar a normativa básica estatal na materia.»

4. Modifícase o número 5 do artigo 81, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. As universidades están obrigadas a render contas da súa actividade ante o órgano de fiscalización de contas da comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas.

O orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e o pagamento de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, e quedan a cargo da tesouraría universitaria todos os ingresos e pagamentos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

As universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.

En caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo, o Consello Social deberá proceder na primeira sesión que efectúe á redución de gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido. A expresada redución só poderá revogarse por acordo do dito órgano, por proposta do reitor, logo de informe do interventor e de autorización do órgano correspondente da comunidade autónoma, cando a dispoñibilidade orzamentaria e a situación de tesouraría o permitan.

As transferencias, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, a favor, directa ou indirectamente, das universidades, requirirán a aprobación e posta en marcha da redución de gastos.

As universidades remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos e o resto de documentos que constitúan as súas contas anuais á Comunidade Autónoma no prazo establecido polas normas aplicables da comunidade autónoma.

A falta de remisión da liquidación do orzamento, ou a falta de adopción de medidas en caso de liquidación con remanente negativo, facultará a comunidade autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da universidade.»

*Artigo 7. Financiamento das bolsas e axudas ao estudo.*

1. O custo do compoñente individual das bolsas e axudas ao estudo destinado a financiar os gastos derivados da matrícula de alumnos de estudos universitarios será financiado conforme as seguintes regras:

a) Os orzamentos xerais do Estado financiarán a cantidade que corresponda ao límite inferior da marxe establecida para o prezo público de cada ensino.

b) As comunidades autónomas financiarán integramente con cargo aos seus orzamentos a diferenza entre o prezo público que fixen e o límite mínimo que corresponda a cada ensino.

2. Até que todas as universidades implanten sistemas de contabilidade analítica e, como máximo, até o curso universitario 2015/2016, a parte do compoñente de matrícula que se financiará con cargo aos orzamentos xerais do Estado será o prezo público vixente para cada titulación no momento da entrada en vigor deste real decreto lei. Estas cantidades actualizaranse cada curso mediante a aplicación do coeficiente que determine a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogados os números 3 e 4 do artigo 13 do Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as

ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento competencial.*

Este real decreto lei ten carácter de lexislación básica e dítase ao abeiro das competencias que os puntos 1.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución reservan ao Estado en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, de planificación xeral da actividade económica, de réxime estatutario dos funcionarios públicos e de desenvolvemento do artigo 27 da Constitución a fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Modificacións relativas ao imposto sobre sociedades.*

Primeiro.—Con efectos para os períodos impositivos que se inicien dentro dos anos 2012 e 2013, modifícase o artigo 1.º primeiro. catro do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, que queda redactado da seguinte forma:

«Catro. O importe dos pagamentos fraccionados establecidos no número 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, para os suxeitos pasivos cuxo importe neto da cifra de negocios nos doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012 ou 2013 sexa polo menos vinte millóns de euros, non poderá ser inferior, en ningún caso, ao 8 por cento do resultado positivo da conta de perdas e ganancias do exercicio dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural ou, para suxeitos pasivos cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo até o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, minorado nas bases impositivas negativas pendentes de compensar polos suxeitos pasivos, tendo en conta os límites que correspondan de acordo co establecido no artigo 9.º primeiro. dous do Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do sistema nacional de saúde, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011.

Non obstante, a porcentaxe establecida no parágrafo anterior será do 4 por cento para aquelas entidades alí referidas nas cales ao menos o 85 por cento dos ingresos dos tres, nove ou once primeiros meses de cada ano natural ou, para suxeitos pasivos cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo até o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, correspondan a rendas ás cales resulten de aplicación as exencións previstas nos artigos 21 e 22 ou a dedución prevista no artigo 30.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

En calquera caso, a porcentaxe establecida no primeiro parágrafo deste número sería do 4 por cento, e o establecido no segundo parágrafo deste número será do 2 por cento para o pagamento fraccionado cuxo prazo de declaración vence o 20 de abril de 2012. Adicionalmente, non resultará de aplicación ao dito pagamento fraccionado o establecido no artigo 20 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, segundo a redacción dada polo Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo.»

Segundo.—Con efectos a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 12/2012, do 30 de marzo, polo que se introducen diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas á redución do déficit público, modifícanse os números 1 e 2 da disposición adicional décimo quinta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os dividendos ou participacións en beneficios de entidades non residentes en territorio español que cumpran os requisitos establecidos nas letras a) e c) do número 1 do artigo 21 desta lei, que se devindiquen até o 30 de novembro de 2012, poderán non integrarse na base impositiva deste imposto, mediante a opción do suxeito pasivo pola suxeición a el a través dun gravame especial. O requisito establecido na letra c) poderase determinar para cada entidade, directa ou indirectamente participada, polo conxunto de todos os ingresos obtidos durante o período de tenza da participación.

A base impositiva do gravame especial estará constituída polo importe íntegro dos dividendos ou participacións en beneficios devindicados, sen que resulte fiscalmente deducible a perda por deterioración do valor da participación que puiden derivar da distribución dos beneficios que sexan obxecto deste gravame especial.

2. As rendas derivadas da transmisión de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español que cumpran o requisito establecido na letra a) do número 1 do artigo 21 desta lei o día en que se produza a transmisión, e o requisito establecido na letra c) do mesmo número do citado artigo durante todos e cada un dos exercicios de tenza da participación, cuxa transmisión se realice até o 30 de novembro de 2012, poderán non integrarse na base impositiva deste imposto, mediante a opción do suxeito pasivo pola suxeición a el a través do gravame especial previsto no número anterior.

Neste caso, a base impositiva estará constituída pola renda obtida na transmisión, así como pola reversión de calquera corrección de valor sobre a participación transmitida, que tivese a consideración de fiscalmente deducible durante o tempo de tenza da participación.»

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno ditará as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY